

RULETA

EU MERCO AQUI

PRI

MA

25



Mercar en Santiago ten premio!
Participa na Ruleta de “Eu Merco Aquí – PRIMA 25”
con agasallos mercados no comercio local.

TERMOS E CONDICIÓN S PARA PARTICIPAR

DATAS E HORARIO DE FUNCIONAMENTO:

A Ruleta de “Eu Merco Aquí – PRIMA 25” instalarase nas datas e horarios que se indican a continuación:

Venres 6 de xuño de 2025 de 17.00 h a 19.30 h na praza Roxa.

Sábado 7 de xuño de 2025 de 11.30 h a 14.00 h na praza do Toural.

Agás esgotamento previo de agasallos existentes.

CONDICIÓN S PARA PARTICIPAR:

- ✦ Poden participar todas as persoas **maiores de 16 anos que presenten un ticket de compra do pequeno comercio de Santiago Compostela por importe igual ou superior a 5 euros, por compras realizadas entre os días 2 e o 7 de xuño de 2025, ambos incluídos.**
- ✦ Un ticket da dereito a unha tirada na Ruleta de “Eu Merco Aquí – PRIMA 25”. Cada persoa dispón dun **límite de 3 premios.**
- ✦ **Non se admitirán máis de 2 tickets dun mesmo establecemento por persoa participante.**
- ✦ A ruleta contén casas con premio (7) e outras casas de sigue xogando (7).
- ✦ Se a persoa que participa cae nunha casa premiada, obterá un premio directo, que recibirá de acordo coas instrucións do persoal do posto habilitado para tal fin no horario do concurso. Os premios consisten en agasallos mercados no comercio local dirixidos a público infantil e xuvenil. Os premios non poderán trocarse por diñeiro en efectivo.
- ✦ Para a recollida do premio, a persoa gañadora deberá amosar o seu documento de identidade á organización e asinar o documento de entrega facilitado pola organización. Se non o tivese nese momento, poderá achegalo ao posto habilitado ata o mesmo día 6 de xuño ás 19.30 h ou 7 de xuño ás 14.00 h, e retirar así o premio que escolla nese momento. Non obstante, non se realizarán reservas de premios, polo que a persoa gañadora escollerá e retirará o seu premio no momento da mostra do seu documento de identidade á organización. Isto farase entre os premios dispoñibles nese momento, existindo o risco de que todos os premios se tivesen esgotado previamente, o que implicará a perda do dereito á elección e recollida do premio. Do mesmo xeito, a mostra do documento de identidade posteriormente ás 19.30 h do día 6 de xuño ou ás 14.00 h do día 7 de xuño, tamén implicará a perda do dereito á elección e recollida do premio.
- ✦ A persoa gañadora poderá escoller entre os agasallos dispoñibles. Para tal efecto, os agasallos clasifícanse en tres categorías de cores que se identifican co seu valor. Deste xeito, a persoa gañadora poderá escoller o premio que desexe, dentro da categoría de agasallo que lle corresponda. As categorías de cores dos agasallos, establecidas en función do importe do seu ticket de compra, son as que seguen:
 - ✦ **Agasallo amarelo para compras iguais ou superiores a 5 euros e inferiores a 20 euros.**
 - ✦ **Agasallo marrón para compras iguais ou superiores a 20 euros e inferiores a 50 euros.**
 - ✦ **Agasallo verde para compras iguais ou superiores a 50 euros.**
- ✦ O Concello de Santiago resérvase o dereito a rexeitar calquera participación que non se axuste a estas regras ou que sexa considerada fraudulenta. As súas decisións serán inapelables.
- ✦ Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recopiados coa única finalidade da xestión deste concurso. Serán eliminados tras finalizar o prazo de caducidade mencionado anteriormente.
- ✦ A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

Máis información no:

Departamento de Comercio do Concello de Santiago de Compostela
comercio@santiagodecompostela.gal

A festa do comercio local

